

OS HEAVIES E AS POETAS

Ao remate dun recital, un xornalista espétame: “Os heavies e os poetas sodes os últimos inocentes deste mundo”. Nunca tal eu pensara, e iso que sempre me prestaron moito os heavies. Inspírame confianza a xente que responde á dureza das cousas armándose de dureza, desde o nome até o coiro. Teñen a sensibilidade dos que precisan responder ás agresións. Teñen conciencia grupal. Non son submisos. Para os demais, cadeas e reloxos. Eles non van á moda, por iso teñen aínda o corazón de ouro. Os poetas, en cambio, habíamos levar máis ferro ao corazón.

Parada como quedei despois daquela arroutada, non fun quen de responder que non debería haber cousa menos inocente que un poeta. O profesor Antón Figueroa, referíndose ao campo cultural, fala adoito do “mito da inocencia”. Os mitos dan lugar aos prexuízos. Os prexuízos impiden coñecer. Alguén di “leliadoura”, e o lector, con bo tino, conclúe “plátano es”. Os poetas adoitan deixar as frases en suspenso e os poemas, xa se sabe, son cousa moi ambigua. O plátano vén das Canarias. En Canarias é unha hora menos. En Galicia perdemos luz por culpa do cambio horario. (Isto non é poesía.)

Conclusión: a cultura come e dá de comer en boa medida grazas á implantación social do mito da inocencia. Que boa xente, os artistas. E os poetas, eses xa son o máximo. Escriben con metáforas. Eles, menudo estilo. E elas, tan estilosas.

Hai moitos xeitos de perder a inocencia. Todos son bos. Algúns mecanismos de lexitimación son tan visíbeis que case non é preciso denuncialos. En cambio, adóitase ignorar a presenza efectiva (e por sutil, se cadra, dobremente efectiva) de modos de intervención máis inmediatos. Como se escribir publicamente non fose xa un xeito de exercer o poder.

A linguaxe tamén é violencia. Sempre que se abre un turno de palabra, outra persoa deixa de falar. A alternativa, quizais: non escribir para que nos escoiten, senón para que nos respondan. Non creo que o poder sexa malo de seu, e Foucault demostrou que vén de abaixo, hipótese que convida a exercelo até arriba. Non somos inocentes, as poetas, e non é mala cousa. A vida é complicada, e a vida cultural non é unha excepción.

Todos temos intereses, pero non todos os intereses son iguais. Quizais cumprise comezar por distinguir entre os públicos e os privados. Entre os persoais e os colectivos. Para poder quedar, hai que asumir que estamos. Que non se nos xulgue pola presenza ou ausencia de estratexias, senón polo sentido das nosas estratexias. O que facemos ou deixamos de facer non será cabal na medida en que careza de propósito, senón na medida en que o seu propósito sexa máis ou menos cabal.

Deámonos o luxo de ser obxectados publicamente polo que procuramos, e non só polo que facemos e dicimos. As cousas moitas veces non son o que parecen. Para poder saír do reino da opinión, habería que comezar por dicir, canda Montaigne, “o que eu opino non dá a medida do mundo, senón a medida do meu entendemento”. O mundo é ancho e alleo. Do entendemento, en poucos casos podemos dicir que é propio. Fagamos o posíbel por que non sexa estreito.